

MENDIÑO

—CARMEN REY, RAQUEL VIEITEZ—

EXTRACTADO DE OS TROBADORES DO
REINO DE GALIZA.
MARTÍN CÓDAX, MENDIÑO E XOÁN DE
CANGAS.
MERCEDES QUEIXAS.
A NOSA TERRA

Xograr galego do primeiro tercio do século XIII, época de información escasa So se conserva unha cantiga, cunha alta calidade artística.

Ó igual que Xoan de Cangas e Martín Códax, existe unha referencia xeográfica, a Illa de San Simón na ría de Vigo.

“Estaba eu na ermida de San Simón e cercáronme as ondas ¡que grandes son!

E eu, mentras esperaba polo meu amigo, pensaba ¿virá?

“Estaba eu na ermida de San Simón e cercáronme as ondas ¡que grandes son!

E eu, mentras esperaba polo meu amigo, pensaba ¿virá?

E cercáronme as ondas do bravo mar ¡qué grandes son! e non teño aquí nin barqueiro nin remador.

E eu, mentras esperaba polo meu amigo, pensaba ¿virá?

Non teño aquí barqueiro nin sei remar;

morrerei eu, fermosa, no mar maior.

E eu, mentras esperaba polo meu amigo, pensaba ¿virá?

Non teño aquí barqueiro nin sei remar;

morrerei eu, fermosa, no mar maior.

E eu, mentras esperaba polo meu amigo, pensaba ¿virá?

CANTARES DE CREGO

—COLECTIVO 2º SECUNDARIA—

O dezasete de maio
é unha festa oficial
Parece que se fai algo
pero todo segue igual

O dezasete de maio,
Día das Letras galegas,
o medievo recupera
pero o futuro non chega

O dezasete de maio
é todo unha foguetada
rememórase o pasado
que non compromete a nada

O dezasete de maio
prazas, rúas vai tomar
Traxes, folclore a mangallo
para o galego enterrar

Concello de Pontevedra
vas poñe-la pica en Flandes
a zona vella será
igualiña que era antes

Do pasado colle a palla,
o presente ¡que máis da!
É a lingua dos trobeiros
cámbiase pola castelá.

Mentres anuncian o día
do dezasete de maio,
normaliza-lo galego
rexéitase por maioría

“Alá polo mil douscentos
a lingua que hoxe falamos
xa comeza a ser escrita
por poetas e notarios

Falan en lingua galega
reis, labregos e señores
abades dos mosteiros
e os soldados e doutores

Rei Afonso de Castela
cantaba a Santa María

coas verbas máis fermosas
que na nosa terra había

Mártin Códax o de Vigo,
Xoán de Cangas e Mendiño
dicían os seus cantares
nas terras que baña o Miño

E ordenanzas se escribían
e crónicas e tratados
e os acordos dos concellos
en galego eran labrados

O dezasete de maio
celebrariades coma reis,
se usases máis o galego
porque o mandan as leis

Agradezo e non o nego
que o bando da vasura
viñese escrito en galego
¿Convicción ou cara dura?

No Palacio de Congresos
loce o festival galego
No concello á mesma hora
impoñen a empacadora

E mentres enerxía gastan
en fogos e vaidade,
outros levan para Vigo
pezas da capitalidade

¿E todo isto por que?
Seguide votando ¿que, que?
A capital está segura,
a capital da basura

Pontevedra e boa vila,
dá de cheirar a quen pasa,
Ence-Elnosa está na ría,
a empacadora na casa.

Os cidadáns xa falaron
en gran manifestación
O Concello non escoita
e consuma a gran traizón